

O derradeiro concerto da xira *Peixe*, de Xisco Feijóo, poderase seguir vía streaming

O escenario do Teatro Afundación de Vigo acollerá este venres 1, a partir das 20.30 horas, o espectáculo final da xira, no que o cantareiro e bailaror estará acompañado de Natalie Haas, Andrea Pousa, Fran Sieira, Luis Lavado, María e Luís Prego, María Vidal e as pandeireteiras de O Fiadeiro



Xisco Feijóo e Fran Sieira bailaron xuntos no concerto de despedida de Peixe en Lugo este mércores 20 de novembro

Vigo, 30 de novembro de 2023.- O cantareiro, instrumentista e bailaror **Xisco Feijóo** despedirase mañá en Vigo da xira de presentación de *Peixe*, o seu primeiro proxecto en solitario. Este derradeiro espectáculo, que comezará **ás 20.30 horas do venres 1 de decembro no Teatro Afundación** (García Barbón), será un concerto único e irrepetible no que tanto a música, como a danza e a arte terán unha presenza fundamental. Por iso e, para facilitar que todas as persoas que non poidan asistir á cita poidan gozar da proposta, este concerto poderase seguir vía *streaming* a través da plataforma [Tolemias TV](https://www.tolemias.tv).

Xisco Feijóo actuará acompañado na súa cidade dunha imponente banda de grandes músicas do país. Miryam González, Pipo Alvaríño, Galen Fraser, María San Miguel, José Manuel Díaz, Marilú Campos, Antón Pombar e Sandra Costa estarán no escenario deste festivo “enterro” do *Peixe*, unha singular metamorfose na que Xisco tamén convidará a participar a artistas como **Natalie Haas** (cello), **Andrea Pousa** (voz), Fran Sieira (baile), **Luis Lavado** (voz), **María e Luís Prego** (baile), **María Vidal** (voz e percusión) e as pandeireteiras de **O Fiadeiro**.

As entradas para o espectáculo de fin de xira de *Peixe*, que conta co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), están á venda a través da plataforma web www.ataquilla.com

Xisco Feijó e a xira de *Peixe*

Xisco Feijó é, sen dúbida, unha das figuras clave na recuperación de música tradicional galega durante as décadas do 80, 90 e primeiros 2000. Logo dun incesante traballo de recuperación etnográfica, así como de colaborar con dúzias de artistas de proxección internacional, como Mercedes Peón, Xosé Manuel Budiño, Carlos Núñez, Kepa Junquera, Berrogüetto ou Rodrigo Romani, en xullo de 2021 lanzou *Peixe*, o seu primeiro proxecto en solitario, e que supuxo unha novidosa mirada contemporánea sobre a música tradicional.

Nestes dous últimos anos Feijó compaxinou as distintas actuacións co seu labor como mestre da **ETRAD**, coordinador da sección de canto da orquestra folk **SonDeSeu**, director xeral do espectáculo *Unha xeración, dous mundos*, que se estreou no **Grand Liceu de Barcelona** en decembro de 2022; e como **co-autor, xunto con C. Tangana, do himno *Oliveira dos Cen Anos***. Agora despide *Peixe* con dúas últimas actuacións, en Lugo e Vigo, nas que participarán numerosas amizades e artistas do país.

Contacto de prensa Xisco Feijó

Lucía Pita | 675 404 321 - lucia.pita@theofficeco.es

Vídeoclip [Peixe, de Xisco Feijó](#)

Vídeoclip [Animal, de Xisco Feijó](#)

Sala de prensa [Fin de xira - Peixe](#)